

NOTA ACLARATORIA SOBRE OS DEREITOS DE EXAME

De conformidade co disposto na base Terceira 3.2 do ACORDO do 9 de abril de 2024 polo que se anuncia a convocatoria para a realización de probas selectivas para ingresar, por oposición libre, en catro prazas do corpo administrativo, das cales unha está reservada á quenda de persoas con discapacidade, e polo que se aproban as bases reguladoras do procedemento de selección(DOG núm. 79 do 22 de abril de 2024), a exención do pagamento das taxas dos dereitos de exame farase consonte ás situacións ás que fai referencia o artigo 23.5 da Lei 6/2003, do 9 de decembro, de taxas, prezos e exaccións reguladoras da Comunidade Autónoma de Galicia, ao que se remite, polo que:

“Desfrutarán de exención da presente taxa:

[...]

5. A inscrición nas convocatorias para a selección de persoal da Comunidade Autónoma, previa xustificación documental, solicitada por:

- Persoas con discapacidade igual ou superior ao 33%.*
- Persoas que sexan membros de familias numerosas clasificadas na categoría especial.*

Aplicarase unha bonificación do 50% á inscrición solicitada por:

- Persoas que sexan membros de familias numerosas de categoría xeral.*
- Persoas que figurasen como demandantes de emprego desde, polo menos, seis meses antes da data da convocatoria de probas selectivas de persoal nas que soliciten a súa participación e non estean a percibir prestación ou subsidio por desemprego.*
- As vítimas do terrorismo, entendendo por tales, para os efectos regulados neste artigo, as persoas que sufrisen danos físicos ou psíquicos como consecuencia da actividade terrorista e así o acrediten mediante sentenza xudicial firme ou en virtude de resolución administrativa pola que se recoñeza tal condición, o seu cónxuxe ou persoa que convivise con análoga relación de afectividade, o cónxuxe do falecido e os fillos dos feridos e falecidos.”*

A xustificación das causas de exención deberá facerse do seguinte modo:

Persoas con discapacidade: certificado de discapacidade.

Vítimas de terrorismo: resolución administrativa pola que se recoñeza tal condición.

Familia numerosa xeral ou especial: certificado de familia numerosa de carácter xeral ou especial ou carné familiar no que conste dito carácter.

Demandantes de emprego:

1º. Certificación expedida pola oficina de emprego na que conste que a persoa aspirante figura como demandante de emprego dende, polo menos, seis meses anteriores á data de publicación da convocatoria no DOG.

2º. Certificación do Servizo de Emprego Público Estatal na que conste que na data de presentación da solicitude de participación no proceso selectivo non está percibindo a prestación ou o subsidio por desemprego.

Contías das taxas:

Persoas aspirantes sen exención 33,13 €

Persoas que sexan membros de familias numerosas de categoría xeral. Persoas que figurasen como demandantes de emprego. Víctimas de terrorismo 16,57 €

Persoas con discapacidade igual ou superior ao 33%. Persoas que sexan membros de familias numerosas clasificadas na categoría especial Exentas